

ENTREVISTA A MANUEL AMADO 2



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_CaRi_0012_B_id3623_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_CaRi_0012_B_id3623.mp4
TIPO DE DOCUMENTO:	Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE:	Ficha de contexto e transcripción. Vídeo resumo editado mp4.
DATA DE RECOLLIDA:	xoves, 14 de novembro de 2024
LOCALIZACIÓN:	
Localización:	Estaleiros Amado
Lugar:	Mosteiro
Parroquia:	O Freixo de Sabardes (San Xoán)
Concello:	Outes
Provincia:	A Coruña
INFORMANTE:	
Nome:	Manuel David Amado Castiñeiras
Idade no momento da recollida:	77 anos
Lugar e data de nacemento:	O Freixo, 30 de decembro de 1946
Ocupación:	Mestre carpinteiro de ribeira
COLECCIÓN:	Fondos da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI)
ENTREVISTA REALIZADA POR:	Isabel Vigo Rodríguez (APOI-MPG)
GRAVACIÓN REALIZADA POR:	Fernando Portela (IMACO)
EQUIPO DE GRAVACIÓN:	Sony FX6 e Sony A7SIII
ASISTEN Á GRAVACIÓN:	Gerardo Triñanes e Lita Places (AGALCARI)
DURACIÓN:	11'18"



CONTEXTO:

Vídeo editado das entrevistas realizadas a mestres carpinteiros de ribeira para o *Proxecto de Rexistro e salvagarda do conxunto dos saberes patrimoniais arredor da carpintaría de ribeira* (SI-2023-0245.INT) da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, adxudicado á Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI).

A gravación completa (0:50:53) pode consultarse, de xeito presencial, no Museo do Pobo Galego así como a copia deste vídeo editado en maior resolución.

PALABRAS CHAVE: carpintería de ribeira , embarcacións tradicionais

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA E TRANSCRICIÓN: Isabel Vigo Rodríguez

TRANSCRICIÓN DO VÍDEO EDITADO:

Bueno, mira a quilla... A quilla era de madeira de roble. Había que ir a monte escoller os carballos, que lle chamamos nós, canto máis dereito fora mellor. Escollelos, cortalos e serralos no monte. E despois os carros de bois traíanos mitad dentro e mitad arrastro por aí abaixo, non sabes? Serrábase no monte. E despois a madeira das cuadernas tamén se serraba no monte pero despois botábase na praia a mollo. Na marea botábase a mollo para que non torcera nin escachara nin nada, entendes. E despois íbanse, según se iban construíndo íbanse sacando do mar.

A quilla era de dúas pezas porque enteira non había pau que dera. De dúas pezas ou de tres, pode levar no medio un pedazo. E despois de aquela, aquí non había eucaliptos, non había eucaliptos. Xa había pinos. Entoces a sobrequilla, a peza que leva por encima das cuadernas, a sobrequilla. Iba de dúas pezas, un tope no medio do barco e despois levaba unhas pezas polos lados empernadas á sobrequilla que chamábanlle dúas comadres, que moitos carpinteiros non saben o que son as comadres, eh. Son dúas pezas paralelas que aguantan a sobrequilla no medio e van empernadas dun lado a outro porque non había pezas que deran o largo. Se fora hoxe xa había, hoxe hai eucaliptos de todas as medidas. Daquela non había, o que había era moito pino e carballos pero eucalipto non había.

A quilla é boa de facer que a quilla... antes levaba alefriz, chamábanlle o cabaleta. De proa a popa levaba un alefriz e había que facelo coa aixola.

O alefriz é onde van os bordos metidos. Por exemplo, na roda da proa, é unha peza para arriba e o alefriz é onde van metidos o bance que lle chaman. Vai todo clavado polo alefriz e entonces había que facelo toda ca aixola á man. E eso non o sabía facer todo o mundo ademais que había carpinteiros e non todos facían eso, eh. Había uns que sabían facer, outros non e máis había que manejar a aixola e é unha arma mala de manejar.

E o que máis tempo levaba era a roda de proa que hai que facelo todo a aixola. E máis o galón de popa que onde vai a cuberta e mailo bance, a mesma peza redonda na popa, eses eran os barcos de popa de galón. Despois hai os de rabo de gallo que son os de popa redonda.

Si, popa de galón que é coma a que ten o Vieta. Despois estaba a popa redonda que facíanse tódolos barcos de popa redonda eran todos de popa redonda. Despois máis tarde foise eliminando e os que se fan agora son todos de popa de estampa que lle chaman. Coma estes todos que ves aquí, non ves, a estampa é esta. (Sinala os medios modelos que ten detrás).

- E o máis habitual nese momento era a redonda?

Sí. Antiguamente era todo de popa redonda.

- Entendo que tiña máis complicación que...

Que as popas redondas son moi complicadas para facer. Por eso se foi eliminando.

Foi desaparecendo porque dá moito traballo. Hai que virar os bordos e a mitad deles rompen cas prensas e tal e entónce agora fanse todos de popa de estampa, popa cuadrada.

Quilla, roda de proa e codaste de popa. Eso é o primeiro que se facía. Despois, cuadernas, as cuadernas encima, despois das cuadernas metíanse os varaderos, despois as cintas, despois as cuerdas, despois os vaos, despois os barraganetes e despois a obra morta, despois a cubierta e así iba indo.

As cuadernas eran de varias pezas, según dera a figura da cuaderna. Porque ibas ao momento, cortabas as pezas, escollías as mellores, as curvas. E entónce podía ser un pouco máis larga, un pouco máis pequena. Agora, ultimamente, (tose) iban con clavos, pero antiguamente iban con cavillas de madeira. En vez de clavos cavillas de madeira. E despois os topes.

Os topes uns iban a tope outros levaban, chamábanlle, a boca de lobo. É un ángulo recto, facendo esto (fai o xesto coas mans) enganchan unha na outra. Había talleres que o facían e talleres que non, pero bueno. Mellor era que o levara.

As partes das cuadernas pois e... a primeira de abaixo é a varenga. E despois o codillo e o xenol. O xenol que lle chamaban. E despois continúa hasta arriba. E despois na proa, hasta... De amura a amura iban doubles. E despois da proa para... do zapatón de proa hasta arriba, nos barcos pequenos nos barcos pequenos iban sencillos. Chámanlle os paus mortos.

- Esa boca de lobo era como a unión entre as cuadernas, non? Entre as cuadernas, sí. E despois como se unían as cuadernas á quilla.

Uníanse con... Depende do barco. Os barcos pequenos levaban un clavo grande. Os barcos grandes, os barcos grandes levaban un perno. Un perno con tuerca por baixo. Con tuerca por baixo. Outros ao revés. Metían de baixo para riba e apretaban pa arriba. Con perno de galvanizado. Eso nos barcos grandes.

E despois os pequenos iban todos con clavo. Un clavo grande galvanizado clavado na quilla. Da varenga á quilla.

As do medio, nós metíamoslle dúas. Dúas cuadernas maestras. Despois estaban os números uns, xa cerraban un pouquiño. E despois iban indo hasta o zapatón de popa e hasta o zapatón de proa. Iso según plantilla, según o trazado que fixeras. Había a quen lle salían barcos bonitos e a quen lle salían feos. Se cadra ben traballados pero salíanlle feos porque eso iba no gusto da persona.

A sobrequilla cando están as cuadernas todas de amura a amura xa se mete a sobrequilla. Que había que metela a base de aparejos, pola proa, a tirar, unha esclavitud que nos barcos grandes era así. Nos barcos grandes, viñan do monte, levábana para a playa, iban despois na pleamar nos botes levala a remolque. Despois aparejo para arriba. Aquelo era unha esclavitud.

- Porque a sobrequilla, todos os barcos se facía sempre a sobrequilla?

A sobrequilla de 10 ou 12 metros para arriba xa levan sobrequilla, todos.

- E tamén, bueno, supoño que influía tamén a madeira que se usaba para a sobrequilla, pero non sei se era tamén unha peza, varias?

A sobrequilla era..., cando daba unha peza sola, pois iba unha peza sola se o barco era pequeno. Pero no barco grande, de 40 metros ou 50 metros de eslora iban de dúas pezas. De pino que non había eucalipto. Era de dúas pezas a tope, e por el medio dúas polo costado, unha por lado, unha por outro, encavilladas, que esas son as tales comadres que lle chaman.

Antiguamente a roda de proa, a caída de proa. Chámanlle roda pero non é roda, é unha peza recta. Entonces facíase con ángulo recto na quilla, o sea, a quilla e maila proa facían angulo recto. E despois no mar, como sempre os barcos cargan un pouquiño máis de popa daba a impresión de que a forma caía para dentro, entendes o que che digo? Os barcos antigos e despois foiselle dando caída, caída para fóra, caída para fóra... Nesto (sinala un medio casco que ten no panel ás súas costas) esto. Antiguamente eran ángulo recto ca quilla pero ao caer de popa aínda deitaban ao revés para dentro. Despois foiselle dando para fóra, foiselle dando para fóra. Había quen lle daba máis, quen lle daba menos. Eso iba a gusto do construtor.

Uníase con un escarpe. Un esparpe é un empate. O empate que despois leva unha chave, eso había que dibujalo para saber como era, e despois levaba unha peza por dentro por dentro da roda, unha peza facendo curva onde vai o empate, facendo curva e despois iba encavillada fóra para que, para aguantar a proa, entendes. Igual coma se fora unha cuaderna pero por dentro leva unha curva.

Había barcos no mar uns máis estables que outros. Se facías o barco redondo por baixo a cuaderna por baixo redondo éche como un barril no mar (fai o oscilamento co corpo). Pero se lle fas codillo e desde o codillo á quilla a cuaderna ten que levar a blanda por baixo. Levar blanda por baixo no lombo. E entón aí nesa blanda parece increíble pero aguanta o mar moito máis. E despois no codillo ese barco é moito máis estable. Por eso as cuadernas maestras de marcalas dun xeito a marcalas de outro, hai quen fai... dalle picado, picado e despois vas a dentro e non cabes debaixo dos baos. Hai quen o fai plano e tampouco é bo. Hai que facer un picado máis ou menos que corresponda ao tipo de barco que estás facendo.

Esa blanda da cuaderna que leva desde a quilla ao codillo o propio nome é astilla muerta.



O que peor se daba naqueles tempos era cando había que facer unha reparación na playa. Porque había que varar o barco na playa, despois para traballar por baixo había que escaravellar na area para traballar por baixo e non había varaderos. Non había nada, varaban na playa e había que arreglarse como fora, metidos ao mar, por iso lle chaman os carpinteiros dos pés mollados.